

Acordos da Comisión Permanente Extraordinaria do 5 de setembro de 2012

Nesta data, A Comisión Permanente actuando como Comisión de Plano de Estudos, acordou:

GRAO

A. Que os 300 créditos correspondentes ao Grao se distribúan do seguinte xeito:

- Créditos correspondentes a materias de formación básica e obrigatorias: 276
- Créditos correspondentes a materias optativas: 18
- Créditos correspondentes a Tráballo Fin de Grao (TFG): 6

B. Ofertar un total de 14 materias optativas de 4,5 créditos cada unha.

C. Que o plano de estudos recolla a posibilidade de que os estudantes obteñan como máximo un recoñecemento de 9 créditos pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, así como en prácticas externas optativas.

D. Introducir a figura do módulo vinculada ao TFG, na fase final do plano de estudos, articulada de maneira que inclúa ao TFG e a dúas materias optativas das mencionadas no apartado B, polo que a carga total de cada módulo será:

15 créditos do módulo = 6 créditos do TFG + 2*4,5 créditos de dúas materias optativas do apartado B.

Polo tanto, o alumno cursará 9 dos 18 créditos optativos do Grao dentro do módulo elixido para a elaboración do seu TFG e os 9 créditos restantes poderán obterse cursando materias optativas das correspondentes ao apartado B ou mediante o recoñecemento de actividades correspondentes ao apartado C.

MESTRADO

I.- Considerar a seguinte distribución dos 60 créditos correspondentes ao mestrado:

- **Créditos correspondentes ao Bloque Técnico (Construción–Estruturas-Instalacións): 9**
- **Créditos correspondentes ao Bloque Proxectual (Composición–Proxectos–Urbanismo): 12**
- **Créditos correspondentes a materias optativas: 9**
- **Créditos correspondentes ao Proxecto Fin de Carreira (PFC): 30**

II.- Ofertar un total de 6 materias optativas de 3 créditos cada unha, de xeito que os créditos correspondentes a materias optativas do mestrado obteranse cursando 3 destas materias.